

Concello de Viveiro

EXPTE.-3133/2022

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Á vista da publicación no Boletín Oficial da Provincia número 127, de 04 de xuño de 2022, que as listas de emprego temporal en diferentes especialidades do Conservatorio Profesional de Música do Concello deben ser actualizadas para acadar un eficaz funcionamento, debido ao escaso número de participantes, a ter realizados chamamentos a través do SEPE por non ter dispoñibilidade os participantes, nas diferentes listas, e polo que se convoca o inicio do proceso e se establecen as normas para a selección de persoal para a creación de listas de emprego provisionais en atención as especialidades musicais no Conservatorio Profesional de Música do Concello de Viveiro.

Vistas as Bases Xerais e o seu anexo polas que se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as listas de substitutos e interinos para impartir a docencia no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro.

Vista a base xeral 12, que sinala “ O Tribunal de selección, remitirá á Alcaldía proposta cos aspirantes que superaron o proceso ao obxecto de confeccionar unha bolsa de emprego de carácter temporal para substitucións do posto de traballo ao que se adscribe a bolsa de emprego durante un periodo de 2 anos. Dita proposta publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no tablón de anuncios dixital..”

Tendo en conta a proposta de selección presentada polo Tribunal no que literalmente dí:

“ (...)PROPOSTA DA LISTA DE EMPREGO NA ESPECIALIDADE MUSICAL DE PIANO

Á vista da lista dos aspirantes seleccionados, o Tribunal para cumprimento da base xeral 12, propón a seguinte orde de aspirantes para a súa incorporación na lista de emprego para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan como docente na **ESPECIALIDADE MUSICAL DE PIANO** ante a Alcaldía do Concello de Viveiro.

Apelidos e nome	Orde de lista
ARGIBAY LIGERO MARIA MAGDALENA	1
PRADO MARTINEZ ROBERTO	2

”

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aceptar a proposta do Tribunal relativo ao procedemento selectivo para a confección das listas de emprego de carácter provisional, na **ESPECIALIDADE MUSICAL DE PIANO**, sendo a lista de emprego a seguinte:

Apelidos e nome	Orde de lista
ARGIBAY LIGERO MARIA MAGDALENA	1
PRADO MARTINEZ ROBERTO	2

SEGUNDO.- Publicar dita lista de emprego na **ESPECIALIDADE MUSICAL DE PIANO** no taboleiro de anuncios do Conservatorio de Música, no Taboleiro de anuncios dixital do Concello de Viveiro e na súa páxina web (www.viveiro.es).



Concello de Viveiro

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución ao Director do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Viveiro.

Contra a presente Resolución, poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa ,
do Real Decreto 128/2018,

Ante mín, a Secretaria, ós efectos do artigo 3.2

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

